

Veciñanza presenta emendas aos Orzamentos para reforzar o destinado a Comercio Local, Turismo, Biblioteca Pública e Saneamento do rural

O Goberno presenta un proxecto sen partida orzamentaria para Comercio, como xa fixera o ano pasado. Pretende rebaixar a dotación da Biblioteca Pública, segue sen apostar polo sector turístico e renuncia a completar o saneamento do rural.

Cuntis, 28 de novembro de 2017. O Alcalde presentou o proxecto de Orzamentos para o ano 2018 nunha Xunta de Voceiros convocada a semana pasada, á que o Partido Popular de novo non asistiu. Logo de valorar a proposta en detalle, e recollendo suxestións e necesidades que entendemos que aínda están moi presentes en Cuntis, Veciñanza presentou un documento de emendas para que poidan ser tomadas en consideración.

A primeira valoración que merecen os Orzamentos que pretende aprobar o Goberno Municipal é que son totalmente continuístas a respecto dos deste 2017, **sen capacidade ningunha de buscar transformacións nin de afrontar aquelas necesidades prioritarias para o noso municipio**. O documento é un copia-pegado do presentado o ano pasado que apenas modifica partidas e que **renuncia a orientar os instrumentos económicos cara á implantación de medidas que busquen revertir as dificultades dos veciños e veciñas de Cuntis**. As principais emendas presentadas por Veciñanza son as seguintes:

- A **Biblioteca Pública segue sen merecer a atención da Concellaría de Cultura**, que a considera como un simple edificio sen máis necesidades que un insuficiente mantemento diario: nin proxecto a medio prazo, nin ambición por mellorar o servizo nin nada parecido. A partida destinada a *'Reparacións, Mantementos e Conservacións'* límitase a uns ridículos 300 euros, os mesmos que a proposta inicial do pasado ano.

Daquela, Veciñanza xa conseguir multiplicar por dez esta partida mediante unha emenda ata deixala en 3000 euros. De novo este Veciñanza esixe, cando menos, un incremento idéntico nesta partida.

- Incomprensiblemente, o Goberno Municipal volve presentar un proxecto de orzamentos **sen ningunha partida destinada ao Comercio Local**, tal e como xa fixera o ano pasado. De novo fora Veciñanza quen, mediante a presentación dunha emenda, conseguira incorporar 3000 euros ao orzamento municipal.

Non se entende como un Concelleiro do Goberno Municipal non presenta dotación





nota de prensa

económica ningunha para unha área da súa responsabilidade.

- Veciñanza considera **o sector turístico** como estratéxico no desenvolvemento económico de Cuntis. Malia que a dotación orzamentaria se veu incrementada dende que este grupo comezou a esixir a atención que o sector precisa, seguimos considerando insuficiente a cantidade asignada para trazar unha estratexia de promoción adecuada. Cuntis precisa que o desenvolvemento deste sector non se limite ao día a día, senón que se elabore unha estratexia a medio-longo prazo para implementar accións que a fagan efectiva, e non únicamente instalarse nunha improvisación continua.

Consideramos imprescindible un notable incremento da partida adicada ao desenvolvemento turístico.

- Unha das necesidades básicas que presenta nestes momentos o noso municipio, como é o **saneamento** completo do rural, limítase á simbólica cantidade de 1000 €. Non reflicte dende logo o compromiso necesario polo que, sendo esta unha das principais reivindicacións de Veciñanza dende o comezo da lexislatura, consideramos que esta partida debe verse notablemente incrementada

A incorporación das emendas de Veciñanza procura unha reorientación do carácter continuísta destes orzamentos, **buscando dotar de maior peso aqueles sectores económicos vitais para Cuntis** (comercio ou turismo, por exemplo) e **afrontar as necesidades reais das persoas**, especialmente do rural.

